


**ACTA DA CONSTITUCIÓN DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DE LALÍN E DA ELECCIÓN DE ALCALDE PARA O MANDATO 2015-2019, CELEBRADA O DÍA 13 DE XUÑO DE 2015, TRAS A CELEBRACIÓN DAS ELECCIONES LOCAIS DO DÍA 24 DE MAIO DE 2015.**

**No salón de Plenos da Casa do Concello de Lalín, sito na Praza de Galicia Nº 1, sendo as doce horas do día trece de xuño de dous mil quince, para dar cumprimento ao disposto nos artigos 195 e 196 da *Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral*, modificada polas Leis Orgánicas 1/1987, do 2 de abril, 8/1991, do 13 de marzo, 6/1992, do 2 novembro, 13/1994, do 30 de marzo, 3/1995, do 23 de marzo, 1/1997, do 30 de maio e 3/1998, do 15 de xuño e artigos 36 e 37 do *Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais*, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, referentes á constitución das Corporacións Locais e elección de Alcalde/sa, reuníronse en sesión pública, os/as Sres./Sras. Concelleiros/as electos/as nas Eleccións Locais celebradas o día 24 de maio de 2015 que, por orde alfabética de apelidos, son os seguintes:**

1. D<sup>a</sup>. CELIA ALONSO CARAMÉS.
2. D<sup>a</sup>. MARÍA ÁLVAREZ PAZ.
3. D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> JOSÉ BATÁN MOURIÑO.
4. D. JOSÉ CRESPO IGLESIAS.
5. D. JUAN JOSÉ CRUZ GARCÍA.
6. D. RAFAEL CUIÑA APARICIO.
7. D. MANUEL GÓMEZ ESTÉVEZ.
8. D. CAMILO GONZÁLEZ BODAÑO.
9. D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.
10. D. JOSÉ MANUEL HERMIDA ARIAS.
11. D<sup>a</sup>. MARÍA PILAR LÓPEZ CARRÓN.
12. D. XOSÉ MANUEL LÓPEZ FERNÁNDEZ.
13. D. MIGUEL ÁNGEL MEDELA DOBARRO.
14. D<sup>a</sup>. MARÍA PAZ PÉREZ ASOREY.
15. D<sup>a</sup>. KATIA MARGARET PROCINO TOIMIL.
16. D. JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ.
17. D<sup>a</sup>. LARA RODRÍGUEZ PEÑA
18. D. ANTONIO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ.
19. D<sup>a</sup>. TERESA VARELA FISTEUS.
20. D. JOSÉ ANTONIO VARELA QUINTELA.
21. D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO.

-1-



Están asistidos polo Sr. Secretario da Corporación, D. César López Arribas, quen fai constar que se cumpriu o requisito que preceptúa o artigo 7 do citado regulamento, como trámite previo legal para este acto.

Constan no expediente o exemplar da Acta de proclamación dos candidatos electos como concelleiros/as nas Eleccións Locais celebradas o pasado día 24 de maio de 2015, expedida pola Xunta Electoral de Zona de Lalín (Pontevedra) o día 29 de maio de 2015, e as respectivas credenciais de ditos concelleiros presentadas na Secretaría Xeral.

### **ACTA DE ARQUEO E INVENTARIO DE BENES E DEREITOS DO PATRIMONIO DA CORPORACIÓN.-**

A continuación, o Sr. Secretario, **D. César López Arribas**, deu lectura á acta de arqueo extraordinario redactada ás 14:30 horas do día 12 de xuño de 2015 con motivo da constitución da nova Corporación, acompañada de tódolos documentos que xustifican as existencias en metálico e en valores propios da Corporación, depositados na Caixa municipal e en entidades bancarias, así como a documentación relativa ao Inventario do Patrimonio Municipal e dos Organismos Autónomos do Concello, de acordo co preceptuado no número 2 do artigo 36 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e aos efectos do preceptuado polo artigo 86 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril e artigo 33.2 do Regulamento de Bens das entidades locais, aprobado polo Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño.

A continuación dáse conta do Inventario do Patrimonio Municipal valorado a día 12 de xuño de 2015, que ten o seguinte resume:

Suman as propiedades e dereitos (Activo).....50.280.460,19 Euros.

Suman os préstamos e gravames (Pasivo).....5.435.072,93 Euros.

Diferenza: Patrimonio Líquido.....44.845.387,26 Euros.

A continuación o Sr. Secretario indicou que estando informados todos os asistentes do resumo do seu contido, quedaban os referidos documentos á súa disposición para o seu exame e consulta baixo a custodia da Secretaría Xeral.

## **1.- CONSTITUCIÓN DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DE LALÍN.-**

### **FORMACIÓN DA MESA DE IDADE, XURAMENTO PROMESA E TOMA DE POSESIÓN DOS CONCELLEIROS ELECTOS E CONSTITUCIÓN DA CORPORACIÓN.**

Seguidamente, por parte do Sr. Secretario indícase que debe constituírse a **MESA DE IDADE**, integrada polo concelleiro electo de maior idade, **D. Camilo González Bodaño**, que actúa como Presidente, e pola concelleira electa de menor idade, **D<sup>a</sup>. Lara Rodríguez Peña**, actuando como Secretario da mesma o que é da propia Corporación, **D. César López Arribas**.

Previamente, cada un dos dous membros procedeu a presentar xuramento ou promesa segundo se dispón no artigo 108.8 da *Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral* e baixo a fórmula que establece o artigo 1 do *Real Decreto 707/1979, do 5 de abril, polo que se determina a fórmula de xuramento ou promesa para a toma de posesión de cargos ou funcións públicas*:

**“Xuro ou prometo pola miña conciencia e honor cumprir fielmente as obrigas do cargo de Concelleiro/a de Lalín, con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.”**

- D. CAMILO GONZÁLEZ BODANO, promete.
- D<sup>a</sup>. LARA RODRÍGUEZ PEÑA, promete, por imperativo legal.

Constituída validamente a Mesa de Idade e comprobadas as credenciais presentadas ou acreditacións da personalidade dos electos, baseándose na Acta de Proclamación anteriormente citada, de data 29 de maio de 2015, emitida pola Xunta Electoral de Zona, os concelleiros/as electos/as procederon a prestar xuramento ou promesa baixo a fórmula anteriormente indicada, como se indica:

- D<sup>a</sup>. CELIA ALONSO CARAMÉS, promete.
- D<sup>a</sup>. MARÍA ÁLVAREZ PAZ, promete.
- D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> JOSÉ BATÁN MOURIÑO, promete.
- D. JOSÉ CRESPO IGLESIAS, xura e promete.
- D. JUAN JOSÉ CRUZ GARCÍA, xura e promete.

- D. RAFAEL CUIÑA APARICIO, xura e promete.
- D. MANUEL GÓMEZ ESTÉVEZ, promete.
- D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES, promete.
- D. JOSÉ MANUEL HERMIDA ARIAS, promete.
- D<sup>a</sup>. MARÍA PILAR LÓPEZ CARRÓN, promete.
- D. XOSÉ MANUEL LÓPEZ FERNÁNDEZ, promete por imperativo legal e por coherencia persoal defender os intereses do pobo de Lalín e do pobo de Galicia.
- D. MIGUEL ÁNGEL MEDELA DOBARRO, promete.
- D<sup>a</sup>. MARÍA PAZ PÉREZ ASOREY, promete.
- D<sup>a</sup>. KATIA MARGARET PROCINO TOIMIL, promete.
- D. JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ, xura.
- D. ANTONIO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, promete.
- D<sup>a</sup>. TERESA VARELA FISTEUS, promete.
- D. JOSÉ ANTONIO VARELA QUINTELA, promete.
- D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO, promete.

Acto seguido o Sr. Presidente deulle aos Sres./Sras. Concelleiros/as antes citados, posesión dos seus cargos, indicándolles a continuación o asento a ocupar e declara validamente **constituída a Corporación**, por concorrer a maioría absoluta dos concelleiros electos segundo o disposto no artigo 37.4 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o *Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais* e no artigo 195 apartado 4 da citada Lei Orgánica 5/1985, do Réxime Electoral Xeral.

## 2.- ELECCIÓN DO ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE LALÍN.-

De seguido o Presidente da Mesa de Idade pregunta aos concelleiros que encabezan cada lista electoral se se propoñen como candidatos para ser elixidos Alcalde-Presidente, de acordo co que dispón o artigo 196 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, resultando que se propoñen para dita elección os seguintes candidatos:

NOME E APELIDOS DOS CANDIDATOS	LISTA OU CANDIDATURA NA QUE ESTÁN INTEGRADOS
D. JOSÉ CRESPO IGLESIAS	PARTIDO POPULAR (P.P.)
D. RAFAEL CUIÑA APARICIO	COMPROMISO POR LALÍN-CONCELLOS TRANSPARENTES (CxG-CCTT)

A continuación o Presidente da Mesa de Idade indicou que daba paso ao Sr. Secretario para explicar os distintos tipos de votacións que se poden utilizar, segundo o disposto no artigo 102 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

O Sr. Secretario procedeu a explicar os distintos tipos de votación (ordinaria, nominal e segreda) indicando que o criterio do INAP é que a votación para elixir Alcalde pode ser ordinaria e unicamente se así se decide por maioría absoluta será segreda, ou nominal se se acorda por maioría simple.

Realizadas ditas explicacións procédese á votación a man alzada do sistema de votación a utilizar, resultando once (11) votos a favor da votación ordinaria, e dez (10) a favor da votación segreda. Polo tanto procédese á elección do Alcalde mediante votación ordinaria a man alzada.

A continuación iniciouse a votación a man alzada, obténdose os seguintes resultados:

**D. JOSÉ CRESPO IGLESIAS: dez (10) votos.**

**D. RAFAEL CUIÑA APARICIO: once (11) votos.**

De acordo co apartado b) do xa citado artigo 196 da Lei Orgánica de Réxime Electoral Xeral, ao obter un dos concelleiros candidatos a Alcalde a maioría absoluta dos votos dos Concelleiros que son once votos, a Mesa de Idade proclamou **Alcalde-Presidente electo a D. RAFAEL CUIÑA APARICIO.**

Inmediatamente, o Sr. Concelleiro que resultou elixido como Alcalde deste Concello, **D. Rafael Cuiña Aparicio**, integrado na Candidatura de Compromiso por Lalín-Concellos Transparentes (CxG-CCTT), con once (11) votos obtidos na forma anteriormente mencionada, prestou o xuramento seguinte:

**“Prometo pola miña conciencia e honor cumprir fielmente as obrigas do cargo de Alcalde do Concello de Lalín, con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.”**

A continuación o Sr. Presidente da Mesa de Idade entregoulle o bastón de mando e deulle posesión do seu cargo como Alcalde-Presidente do Concello de Lalín a **D. RAFAEL CUIÑA APARICIO**, desde este momento e a todos os efectos legais.

Por último, o Sr. Secretario procedeu a dar lectura ao artigo 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, quedando informados todos os asistentes do seu contido, dispoñéndose o cumprimento dos requisitos legais establecidos.

Xa no seu cargo de **Sr. Alcalde-Presidente, D. Rafael Cuiña Aparicio**, procedeu a dar por rematado o Pleno, sendo as doce horas e trinta e dous minutos estendéndose a presente acta que asina o Sr. Alcalde-Presidente, xunto ao Secretario, de todo o cal certifico, pola miña condición de feudatario público.

**O Sr. Alcalde-Presidente, D. Rafael Cuiña Aparicio** procedeu a realizar o seu **DISCURSO DE INVESTIDURA** no vestíbulo da casa consistorial, co seguinte contido:

Dando o bo día a todos, empezou dicindo a todos os presentes benvidos á casa do pobo; *“benvidos á vosa casa”*, sinalou.

Non deu o discurso que tiña escrito, porque preferiu falar ao pobo de Lalín dende o corazón. Agradeceu en nome da Corporación a todos os lalinenses por estar sempre á altura das circunstancias. Tamén agradeceu á súa candidatura pola súa lealdade e traballo, confiando en que agora trasladen esa confianza ao goberno municipal e aos grupos que lle apoiaron.

Recordou a **D. Nicolás González Casares**, amigo desde a infancia e o seu cuñado.

Estaba seguro que hoxe o seu avó (**D. Luis González Taboada**, que foi alcalde de Lalín) estaría orgulloso do seu neto.

Tamén nomeou ao seu pai, **D. Xosé Cuiña Crespo**, salientando que lle debía moito nesta vitoria. *“A min me botaba a bronca cando non estaba de acordo comigo ou simplemente calaba cando estaba de acordo. Hoxe notao o silencio de Xosé Cuiña nesta sala. Estou orgulloso de alguén ao que nunca chegarei á sola da súa chancla”*, salientou. Deu o seu recoñecemento persoal e político para quen contou durante 25 anos co seu apoio e co dos veciños para ser alcalde, **D. Xosé Crespo Iglesias**. O seu modesto recoñecemento e o seu máis profundo afecto persoal. Como liñas da súa actuación, indicou que non esperasen de el grandes fastos, e tampouco grandes infraestruturas. *“Durante estes catro anos voume dedicar basicamente a estar ao lado da xene que máis o necesita. A prioridade deste goberno vai ser estar ao lado dos que acabou a crises con eles, e estar en primeira liña de batalla fronte aos que a causaron”*, manifestou.

Acabouse o de pisotear os dereitos das persoas, os dereitos dos gandeiros, paraísos naturais, como eran as fragas de Catasós. Acabouse o de estar por riba das persoas. Aquí somos todos iguais. Ían traballar todos xuntos por Lalín e que ninguén veña aquí como poder fáctico a dicirle ao Alcalde de Lalín e a súa Corporación o que hai que facer. Quería falar directamente ao pobo de Lalín e dicirle que hoxe en Lalín mandaba el. Ao final recitou os seguintes versos de *Ramón Cabanillas*:

*Sempre agarimosa e forte, preto e lonxe; onte, agora e mañán,..na vida e na morte Galicia, nai e señora.*

Animou aos presentes o a loitar por Lalín.  
De seguido cantouse o Himno Galego.

De todo elo dou fe.

O Secretario Xeral

Visto e Prace  
O Alcalde-Presidente

D. César López Arribas

D. Rafael Cuiña Aparicio